



Expediente nº 5031/2016

**SESIÓN ORDINARIA 10/2016 CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 28 DE XULLO DE 2016**

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria núm. 9/2016 do 04/07/2016
2. Dar conta dos expedientes de modificación de crédito 06/2016.CE01/2016 e 09/2016.GC04/2016 3.
3. Dar conta da información trimestral correspondente ó segundo trimestre do ano 2016.
4. Aprobación inical da Modificación da Ordenanza da taxa de lixo.
5. Proposta de Contratación do Servizo de Limpeza de Edificios, Dependencias e Espazos Municipais do Concello de Redondela.
6. Actividades de control do pleno
 - 6.1 Dar conta das resolucións de alcaldía
 - 6.2 Solicitudes de comparecencia
 - 6.3 Mocións
 - 6.4 Rogos e preguntas

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 22/07/2016 e sendo as vinte horas do 28 de xullo de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Francisco Javier Alonso González, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera; actuando como secretaria, a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil .

Non asistiu o concelleiro Varela Couñago.

Constitúese válidamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Sendo as 22:00 horas o Alcalde acorda facer un receso para descanso na sesión que reanudouse pasados 15 minutos.

1. Aprobación, de ser o caso, da acta da sesión núm. 9/2016 do 04/07/2016

Dáse conta do borrador da sesión plenaria de carácter ordinario número 9 do 04/07/2016 e polo concelleiro GONZÁLEZ CAMPO solicítase a rectificación do recollido na páxina 12 do borrador facendo constar que onde dí que *o BNG apoiou a creación de servizos privatizados* debe dicir que *o BNG participou de gobernos que privatizaron servizos*.

A corporación en votación ordinaria e por unanimidade acordou prestar aprobación á acta indicada coa citada rectificación.

2. Dar conta dos expedientes de modificación de crédito 06/2016.CE01/2016 e 09/2016.GC04/2016

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 06/2016.CE 01/2016 por un importe total de 554.408,942 €, aprobado por Resolución de Alcaldía de data 30/06/2016; e do expediente de modificación de crédito MC 09/2016.GC 04/2016 por un importe total de 321.911,48 €, aprobado por Resolución de Alcaldía de data 08/07/2016.

O Pleno do Concello queda informado.

3. Dar conta da información trimestral correspondente ó segundo trimestre do ano 2016.

Visto o informe do interventor municipal con referencia ASR-22.07.16.1 de data 22 de xullo de 2016 en relación a execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondente ao 2º Trimestre do ano 2016, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do concello de Redondela.

O pleno do Concello queda informado.

4. Aprobación inicial da Modificación da Ordenanza da taxa de lixo.

ANTECEDENTES:

Ditame da comisión informativa de economía e facenda da súa sesión do día 28/06/2016 que di:

"Vista a Proposta da Presidencia , de data 23 de xuño de 2016, que transcrita di:

Asunto: Expediente de aprobación de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo no Concello de Redondela.

Unha das manifestacións máis democráticas existentes nas leis que nós outorgamos é a de que as prestacións patrimoniais que deban ser soportadas polos cidadáns para o financiamento das súas Administracións Públicas sexan aceptadas, aprobadas e reguladas por nós mesmos, a través dos nosos representantes.

Á súa vez, as Administracións Públicas teñen como única finalidade a satisfacción do interese xeral. O cumprimento desta satisfacción realízase, principalmente, e entre

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



outras medidas, a través da prestación de servizos. A partir deste punto, para a prestación de servizos, o concello debe contar con recursos para poder afrontar a prestación destes servizos.

Neste caso trátase de modificar a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo para adaptar o seu texto á realidade deste servizo no Concello de Redondela, dado que tras a implantación no termo municipal da recollida domiciliar universal dos residuos sólidos urbanos, articulada mediante contrato administrativo de concesión asinado o 13 de abril 2007, non se produciu a necesaria adaptación do texto fiscal.

Así se propoñen as seguintes modificacións:

-Redacción máis clara e adaptada ao servizo das cotas contempladas nos puntos 1.1.1 e 1.1.2 do Anexo segundo o seguinte:

“1.1. Vivendas

1.1.1. Cota normal (zona A): 71,00 euros/ano

1.1.2. Cota reducida (zona B): 35,00 euros/ano“

- A derogación dos apartados que na actualidade non teñen aplicación práctica:

“1.2.4. A cuota para tódalas vivendas ou establecementos (non incluídos nos dous apartados anteriores) situados a máis de 100 metros das zonas de recollida, será de 36,50 euros/ano.

1.2.5. O importe da taxa poderase prorratear e liquidar por anos naturais, por trimestres naturais, ou por unha combinación de ambas posibilidades.”

No suposto do apartado 1.2.4. se propón a súa derogación dado que non existen zonas no Concello de Redondela sen recollida de lixo, polo que non poden existir vivendas situadas a máis de 100 metros das citadas zonas.

No suposto do apartado 1.2.5., e dado que a xestión da ordenanza se realiza dun modo unificado ca do Imposto sobre Bens Inmóbeis, se considera suxeito pasivo o titular a 1 de xaneiro de cada ano.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:

PRIMEIRO.- A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo no Concello de Redondela, para adecualala a realidade do servizo do Concello.

SEGUNDO.- Faculta-lo Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

TERCEIRO.- Autoriza-los Servizos correspondentes, para unha vez, de ser o caso, aprobada definitivamente esta modificación proposta, se proceda á apertura do correspondente arquivo da ordenanza para as posteriores refundicións por modificacións parciais da mesma.

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do PP ,e as abstencións do PSG- PSOE e AER, estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.”



INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que esta é a segunda vez que ven ao pleno o asunto porque do anterior foi retirado polos grupos da oposición. Dí que tal e como ven a proposta resulta claro que foi un problema do equipo de goberno, por rexeitar no seu intre e con afán recadatarario as alegacións presentadas. Refírese á sentenza que obriga a modificar a ordenanza pero estima que debe manterse a cota reducida para as vivendas que estean a máis de cen metros do punto de recollida xa que o termino zona é susceptible de interpretación. Quere que se manteña esta cuestión.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que tamén teñen dúbidas no tema das zonas que consideran que debería identificarse cos puntos de recollida. Admiten que é unha proposta técnica pero non teñen claras as modificacións.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que isto ven motivado pola demanda dos veciños en base a unha incoherencia entre a ordenanza e o contrato de recollida do lixo. Refírese ás comisións celebradas nas que se prantexaron as dúbidas sobre o concepto de zona, que se define pola periodicidade da recollida, diaria ou alterna. Considera que aínda que se quere adaptar a regulación á sentenza persisten as dúbidas.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que se trata de que todos os veciños que reciben un servizo que é deficitario contribúan ao seu mantemento. Estima que o Concello ten que administrar axeitadamente os cartos dos cidadáns e sinala que ás veces non é posible por os contedores a menos de cen metros polas propias características dalgúns viais. Sinala que hai dúas zonas e dúas taxas en función de si se recolle diariamente ou non e que na comisión o tema quedou claro por parte da tesoureira polo que considera necesario facer esta aprobación inicial. Pide que non esquezan que a xente bota o lixo nos contenedores e ten un tratamento que implica un custe para todos que é preciso sufragar de xeito xusto.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que este é un problema creado polo Partido Popular que non resolveu axeitadamente as alegacións e que creou un canon que hai que pagar obrigatoriamente a Sogama. Indica que pode haber veciños que teñan dereito a reclamar xa que hai uns horarios para depositar o lixo no contenedor e as circunstancias non son as mesmas para todos. Pensa que o tema do custe do servizo é outro debate.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que botan a faltar máis campañas de concienciación para reducir a cantidade de lixo en orixe. Seguen a ter dúbidas.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non hai afán recadatorio e simplemente queren que paguen os veciños por un servizo do que disfrutan. Indica que fixéronse campañas de reciclaxe en todas as parroquias. Dí que nalgúns casos a xente non quere os contenedores preto da súa casa.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación aprobouse por maioría do/as concelleiros/as, sendo dez votos a favor (9 do PP e a concelleira non adscrita), un voto en contra (1 do BNG) e nove abstencións (6 do PSOE e 3 de AER).



5.Proposta de Contratación do Servizo de Limpeza de Edifícios, Dependencias e Espazos Municipais do Concello de Redondela.

ANTECEDENTES:

Ditame da comisión informativa de interior da súa sesión do día 21/07/2016 que di:

"(...) 2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS, DEPENDENCIAS E ESPAZOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE REDONDELA.-

O presidente dá conta da proposta de data 23.06.2016 que textualmente di:

"Incoado o expediente para a contratación do Servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do Concello de Redondela, cun valor estimado que ascende a 4.351.185,48 euros, IVE incluído (3.596.021,04 euros máis o IVE por importe de 755.164,44 euros), e cun orzamento máximo para o primeiro ano de 598.181,82 euros, máis o IVE, o que fai un total de 723.800,00, a licitar polo trámite ordinario e procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, previsto na Sección 2 do Capítulo1, Título I, Libro III do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF), procedemento que se elixe por ser o procedemento ordinario e en función de que toda persoa interesada poida presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, e sen prexuízo do dereito da administración de declarar deserto o procedemento nos termos previstos no artigo 155 do TRLCSF.

Redactados os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e emitido pola Intervención municipal, con data do 22 de xuño de 2016, certificación na que se acredita a existencia de crédito axeitado e suficiente para o ano 2016 na aplicación 3231A/22700 do estado de gastos do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2016.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral do Concello de data 23 de xuño de 2016.

Lido o informe emitido polo interventor municipal con referencia ASR-23.06.16.3 de data 23 de xuño de 2016, que consta de oito páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, vinte e unha consideracións e conclusións.

Xa que logo, PROPOÑO ao Pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobación do aumento a seis anualidades, no seu caso, do prazo de execución do contrato.

Segundo.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación e aprobar o gasto correspondente ao ano 2016 con cargo ao crédito existente na aplicación 3231A/22700 do estado de gastos do orzamento deste Concello para o ano 2016, comprometéndose a consignar crédito axeitado e suficiente para cada exercicio na partida correspondente dos orzamentos aos que se estenda o período contractual.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación polo trámite ordinario e procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, previsto na Sección 2 do



Capítulo 1, Título I, Libro III do TRLCSP, por ser o procedemento ordinario e en función de que toda persoa interesada poida presentar unha proposición, para a contratación do Servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do Concello de Redondela, de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que se aproban, e que se consideran, ambos, parte integrante do contrato, fixando o valor estimado da licitación en 4.351.185,48 euros, IVE incluído (3.596.021,04 máis o IVE por importe de 755.164,44 euros), e cun orzamento máximo anual de 599.336,84 euros, máis IVE (total 725.197,58 euros).

Quinto.- Segundo se dispón no artigo 142 do TRLCSP, insertar anuncios no Diario da Unión Europea (DOUE), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial do Estado (BOE) e no perfil do contratante da páxina web do Concello Redondela, establecendo para presentar proposicións un prazo de 47 días naturais a contar dende o envío do correspondente anuncio de licitación ao DOUE."

A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria, acorda informar favorablemente a proposta, cos votos favorables do PP e a abstención dos grupos AER, PSdG-PSOE e BNG."

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que a duración parécelles excesiva e propoñen dous anos máis outros dous de posible prórroga.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que aparecen máis dúbidas xa que aínda que o PP di que os pregos son de carácter técnico tamén hai que tomar decisións políticas. Non está de acordo en que determinados edificios que limpa persoal municipal pasen a ser limpados por unha empresa e tampouco saben os metros cadrados totais xa que por exemplo o Centro de Saúde de Chapela vai ser cedido á Xunta. Indica que propuxeron a mellora das condicións laborais das traballadoras e a contratación de persoas con discapacidade. Considera que este servizo pode ser xestionado polo Concello no futuro. Non está de acordo en que se puntue o menor prezo do servizo día de substitución das traballadoras do Concello. Segue a ter dúbidas.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ critica que non se valorara a posibilidade de remunicipalizar este servizo. Saben que hai unha lei que prohibe contratar pero outros concellos o están a facer e considera que no caso de Redondela sería factible. Refírese por exemplo ao servizo de recadación, xestión de piscinas...etc que deben ser municipais. Pregunta o posicionamento a este respecto do grupo de goberno.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que dos puntos que obran no informe que estudou a comisión a meirande parte refírense a aportacións da oposición e nalgúns casos detectáronse erros. Refírese tamén á redución do espazo do colexio de Igrexa e haberá que telo en consideración.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que nas últimas páxinas están os metros cadrados de todos os edificios e o informe indica que o prezo está relacionado con eses metros. Dí que a duración está xustificada porque senón podería non haber ningunha empresa que lle interese e refírese a que no ano 2010 o goberno socialista e do BNG sacaron a concurso este contrato polo mesmo prazo sen prantexarse a municipalización. Sinala que a problemática do contrato é complexa e a máis duración se garante máis estabilidade especialmente cando hai 30 persoas físicas que van a subrogarse con este contrato. Considera que debe facerse caso ao informe dos técnicos. En canto á remunicipalización sinala que non o prantexaron nas comisións, tal e como consta no acta correspondente e polo tanto considera que agora non é o momento de facer este



prantexamento.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que aínda que sexa dous anos sí pode haber empresas ás que lles interese e dentro de dous anos a situación pode ser diferente.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que seguen a non ter claro cal é o montante total. Considera que o persoal debe traballar a xornada completa. Parécelle que a tramitación por parte do PP é totalmente irresponsable xa que deixaron o tema nas máns dos funcionarios.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que na comisión o señor Varela sí dixo que abogaban por un servizo público e esta non é ningunha novidade. Estima que con menos tempo poderíase avanzar antes na remunicipalización e que aínda que os técnicos fagan os informes as directrices deben ser políticas.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que fixeron unha serie de aportacións e agora quedan aclaradas algunhas cousas aínda que estiman que certas cuestións podíanse recoller. Pensa que o prantexamento da proposta inicial non foi correcto.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que as aportacións foron contestadas, algunhas se aceptan e outras non porque se consideran perxudiciais para os intereses do Concello. Sinala que tiveron tempo de sobra para estudar o tema dende o 23 de xuño. Non entenden que coa falta de persoal que teñen propoñan que os empregados do Concello limpen certos edificios. Prantexar catro anos, como fixeron no ano 2010, parécenlle axeitados e unha cuestión fundamental é a estabilidade das persoas que sempre poden recurrir ao Concello.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación aprobouse por maioría do/as concelleiros/as, sendo nove votos a favor (9 do PP), un voto en contra (1 do BNG) e dez abstencións (6 do PSOE, 3 de AER e a concelleira non adscrita).

6. Actividades de control do pleno

6.1 Dar conta das resolucións de alcaldía

O Pleno queda enterado a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Gestiona.

6.2 Solicitudes de comparecencia

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.

6.3 Mocións

6.3.1. Moción do BNG proposta de acordo sobre a recuperación da memoria histórica e de condena da ditadura franquista.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do BNG que se transcribe a continuación:

“O luns 18 de xullo de 2016 cumpríronse 80 anos do golpe de Estado militar contra o



rexime democrático vixente no Estado español. Un levantamento militar que en Galiza foi orixe dunha cruenta e brutal represión ao longo dos anos da guerra e durante todo o período da Ditadura franquista.

A represión foi especialmente violenta nos anos de guerra e materializouse en Galiza no asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia física: encarceramentos masivos, violacións, malleiras, rapado do cabelo, inxesta de aceite de ricino. Unha represión que se exerceu con caracteres especialmente violentos e machistas no caso das mulleres.

Nos anos da guerra e ao longo de toda a Ditadura franquista, a represión tivo outras múltiples manifestacións: depuración laboral, sancións económicas, expolio de bens, persecución ideolóxica, acoso psicolóxico, exclusión social, etc. A imposición violenta da ideoloxía, da moral, da educación e dos valores franquistas afectou a toda a sociedade e os seus efectos prolongáronse máis aló de 1975.

O exercicio da memoria histórica, o coñecemento da verdade, a xustiza, a reparación e rehabilitación das persoas perseguidas polo fascismo, son dereitos humanos fundamentais que temos como sociedade e obrigas que adquirimos coas vítimas e as súas familias.

Malia ter transcorrido xa máis de 40 anos do final da Ditadura e da restauración do rexime democrático, o Estado español carece dunha auténtica política pública da memoria que permita o coñecemento da verdade histórica, a reparación e rehabilitación das vítimas, o exercicio da xustiza e a superación da fenda e das feridas físicas e morais causadas polo levantamento militar e a Ditadura. Así aparece recollido no informe do relator da ONU para os dereitos humanos, Pablo de Greiff, que pon de manifesto as eivas, carencias e obrigas do Estado español en relación con esta materia.

As institucións públicas deben ter un posicionamento claro de condena do golpe de Estado do 36, da ditadura franquista e da brutal represión que sufriron miles de galegos e galegas ao longo dese terrible período histórico. O 80 aniversario do inicio da represión constitúe unha boa oportunidade para expresar o compromiso cos valores democráticos e a condena da Ditadura franquista.

No caso concreto de Redondela, a restauración da memoria histórica adquire maior relevanza. Moitos dos fillos e fillas do noso concello, foron paseados, represaliados, perseguidos, e mesmo marxidados socialmente, polo único delito de defender a democracia.

Cómpre igualmente recuperar o importante labor desenvolvido por dúcias de mulleres redondelás, que de xeito desinteresado colaboraron en mitigar as inhumanas condicións nas que vivían os presos de A Illa de San Simón.

Hai unha década, recoñécuselle a San Simón, un destacado papel de recuperación da memoria histórica como Illa da Memoria. Este espazo, foi destinado polos dirixentes franquistas como campo de concentración entre os anos 1936 e 1943

É por iso que o Concello de Redondela, adopta os seguintes

ACORDOS

1. O Concello de Redondela expresa a súa condena do golpe de estado militar de 1936 e da Ditadura franquista.
2. O Concello de Redondela promoverá ao longo do ano 2016 diversos actos de recoñecemento do labor das mulleres que colaboraron na mellora das condicións de vida dos presos de a Illa de San Simón.



3. O Concello de Redondela acorda a eliminación, supresión ou anulación dos acordos, distincións e símbolos que reflectan a adhesión e colaboración da institución coa Ditadura.

4. O Concello de Redondela, insta á Xunta de Galiza, á recuperación da Illa de San Simón, como Illa da Memoria.”

INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor da moción e particularmente do homaxe ás mulleres que axudaron aos presos da illa de San Simón.

O concelleiro CRESPO ABAL di que van a apoiar a proposta e refírese á posibilidade de nomear ás mulleres como persoeiro do ano para o que ao mellor había que modificar o regulamento, tal e como xa prantexaron nalgunha ocasión.

A concelleira REY GÓMEZ di que cando estaba o bipartito nomeouse a illa de San Simón durante un ano como illa da Memoria. Consideran axeitada esta iniciativa e salienta de xeito especial o papel das mulleres cando era un campo de concentración. Refírese ao feito de que Portos de Galicia denegou permiso para por unha pequena praca en memoria dos represaliados. Considera que o apoio non ten que ser simbólico senón realmente efectivo.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non se debe esquecer esta parte da nosa historia para que non se volva a repetir. Sinala que a illa de San Simón sempre conservou esa faceta como illa da Memoria e aparte de facer actos de recoñecemento da labor das mulleres que axudaron aos presos ou do que alí aconteceu, consideran que o punto 4 xa se dá, porque dentro das rutas guiadas que se fan se fala do que pasou, o que pode ser compatible co seu disfrute actual par moitas actividades.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que valora positivamente o apoio do Partido Popular. Considera que Redondela foi un referente nesta cuestión xa que foi un símbolo de reconciliación e aspiran a que se recupere ese papel aínda que estima que para iso ten que haber un cambio no goberno da Xunta.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as (20 votos).

6.3.2. Moción do PP sobre as axudas para accesibilidade das praias da provincia.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do PP que se transcribe a continuación:

“O turismo é na actualidade un dos motores económicos da provincia de Pontevedra, creador de emprego e de riqueza, e por este motivo todo o que se faga neste eido redundará a corto prazo na mellora da calidade de vida na nosa provincia.

Aínda que o destino Rías Baixas é máis que costa, porque temos outros importantes e grandes valores diferenciais, non hai que descoidar nin abandonar a oportunidade e o atractivo que supoñen as nosas praias. Temos 398 quilómetros de costa, dos que un bo número son areas de calidade recoñecida. En 2015 un total de 59 praias da



provincia obtiveron o distintivo das bandeiras azuis.

As administracións públicas teñen unha gran incidencia nas actividades turísticas, xa que é responsable de recursos e servizos fundamentais para o éxito do sector turístico, como son a dotación de infraestruturas, seguridade cidadá, mantemento dos recursos naturais e culturais, planeamento urbanístico, sinalización e outros moitos que teñen unha influencia fundamental sobre a percepción que un turista pode levar de un determinado destino.

Este é o caso das praias, onde a pesar de todo o esforzo realizado nos últimos anos polos concellos para dotalas de un equipamento acorde co que garantir o seu uso e disfrute a todas as persoas por igual, independentemente da súa mobilidade, faise imprescindible a colaboración de todas as administracións para que as nosas praias sexan aínda máis atractivas e totalmente accesibles para os seus usuarios.

O turismo accesible é unha importante oportunidade e elemento diferenciador do turismo de calidade na nosa provincia, pero non debemos de esquecer que se trata de un dereito. Nesta liña, cabe recordar que no último pleno todos os grupos asinamos unha declaración institucional promovida polo grupo popular para garantir a plena cidadanía das persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento, na que entre outras, se falaba de garantir cidades e vilas accesibles para poder participar en igualdade de condicións.

Facer unha praia accesible supón dotala daqueles equipamentos e servizos que garantan que poden ser disfrutadas e usadas por todas as persoas en igualdade de condicións, independentemente de se teñen mobilidade reducida ou outro tipo de discapacidade.

Neste sentido, consideramos que é importante dar un salto cualitativo nas nosas praias e aumentar o número de areas da provincia que son accesibles. O reto debe ser garantir o acceso en igualdade de oportunidades a todas as praias da provincia, e por ese motivo faise imprescindible que a Deputación de Pontevedra aposte por abrir unha liña de apoio aos propios concellos e poida crear deste xeito un distinto de "praias accesibles".

Para facer unha praia accesible hai que complementar as condicións de acceso aos areas con outros servizos dirixidos tamén ás persoas con necesidades especiais. Neste sentido, é importante non só garantir o acceso á praia, con pasarelas desde o aparcamento ata o mar e a reserva suficiente de prazas de estacionamento. Tamén é fundamental contar con sinalización que facilite a información e a localización dos servizos accesibles para todas as persoas; aseos e duchas adaptadas; socorristas e persoal de apoio, que acompañen ás persoas con discapacidade á hora do baño; e axudas técnicas dispoñibles, como cadeiras e muletas anfibas.

Por todo isto, solicitamos a adopción do seguinte

ACORDO

1. Que a Deputación de Pontevedra cree unha liña de axudas destinada aos concellos para dotar ás praias da provincia do equipamento necesario para facelas accesibles.."

INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor pero non entende por qué a presenta agora o PP xa que cando gobernaban na Deputación non o fixeron.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que coincide coa anterior concelleira e salienta que na moción non se nomee ningún areal de Redondela. Considera que os concellos teñen responsabilidade no tema da accesibilidade e non sabe por qué agora se prantexan isto senón fixeron nada nos últimos catro anos. Tamén pregúntase polo que fai o goberno galego. Non lle parece doado trasladar esta responsabilidade somentes á Deputación. Pide que na moción se cambie Deputación por Xunta de Galicia.



A concelleira LAIÑO FERREIRA di que o PP quere pedir a outros o que eles non fan xa que teñen partida para eliminación de barreiras e logo a adican a outras cousas como a crear un ascensor que require mantemento no lugar de facer unha rampa. Considera que con 50.000 euros podíanse eliminar bastantes barreiras .

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que outra vez xustifica o goberno o seu traballo traendo as cuestións que o partido lle di que prantexe á Deputación e que se debe ao cambio de modelo que se levou a cabo en dita institución que pasou dun sistema de amiguismo a outro de axudas equitativas incluídas no plan para os Concellos polo que Redondela percibe máis de un millón de euros que o Concello ten que adicar as súas necesidades de acordo coas prioridades que libremente marque. Non obstante, considera que é unha competencia de Costas ou da Xunta de Galicia que serían os que teñen que resolver esta cuestión. Indica que no ano 2013 algúns concellos gobernados polo PP acadaron axudas para isto, pero Redondela non e o explica polo feito de que o goberno non se preocupa do tema da accesibilidade.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que esta é unha proposta para que outra administración nos dea cartos para solventar unha cuestión e non entende onde está o problema. Salienta que están mellorando as cuestións de accesibilidade de xeito notorio igual que se fixo co plan E de Zapatero ou co primeiro parque infantil para nenos de mobilidade reducida que o fixo o goberno do Partido Popular. Sinala que a Deputación dálles agora menos cartos, uns cen mil euros , porque beneficiaron ao Concello de Vigo. Non entende que a voceira socialista priorice os intereses partidistas por riba dos de Redondela.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que propón que se solicite á Xunta de Galicia xa que é a que ten a responsabilidade. Parécelle que nin siquiera o texto está adaptado ao concello de Redondela. Cuestiona os méritos do actual goberno municipal en materia de accesibilidade.

A concelleira LAIÑO FERREIRA di que non é doado falar do turismo como motor económico para xustificar o feito de que se soliciten axudas para garantir a accesibilidade. Insiste en que no ano pasado non se gastou nada da partida de accesibilidade do orzamento. Cónstalle que non fan pequenas cousas que poderían mellorar moito a calidade de vida das persoas.

A concelleira RIVAS GÓMEZ indica que a voceira do PP dí barbaridades e suxírelle que renuncien ao plan de concellos e digan públicamente que prefiren o modelo clientelar do anterior presidente e que a Deputación lles marque o que teñen que facer. Dí que as obras que fixo a Deputación non foron accesibles e pon algúns exemplos e salienta que o Alcalde aínda non se reuniu co deputado responsable de infraestructuras tal e como fixeron outros concellos.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a voceira socialista minte porque non separa a súa labor como deputada e como representante do concello de Redondela xa que houbo que facer bastantes obras de accesibilidade. Sinala que o único que pretenden é acadar máis recursos para isto con independencia de que se poidan facer outras actuacións, xa que se recortaron drásticamente os recursos aos concellos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é rexeitada por once votos en contra (6 do PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e a concelleira non adscrita), e nove votos a favor (9 do PP).

A concelleira LAIÑO FERREIRA explica o voto do seu grupo dicindo que non votan en contra da accesibilidade senón de que o PP lle pida a outros que fagan o que eles non



fan.

6.3.3. Moción da concelleira QUINTANS COSTOYA sobre o apeadeiro de Chapela.

ANTECEDENTES:

Moción da concelleira Raquel Quintáns Costoya que se transcribe a continuación:

“Dende o noso grupo, queremos ser a voz da asociación de veciños de Chapela polo que, tras a súa petición levamos a cabo esta moción.

Dende o 28 de agosto de 2011, a antiga estación de Chapela deixou de prestar servizo, mentres outras paradas mantivéronse no tramo Vigo-Pontevedra e seguen actualmente unha vez posto en marcha o eixe Atlántico con tren de velocidade alta.

Isto afectoulle directamente as veciñas e veciños de Chapela manifestáronse en contra das decisións políticas tomadas polo Ministerio de Fomento a través de múltiples reivindicacións.

Ademais da apertura deste apeadeiro na liña que remata na estación de Guixar, apoiamos a proposta do enxeñeiro vigués Juan Alvarez Villar publicada no Faro de Vigo en data 28.02.16, de ampliála ate a Praza de Eugenio Fadrique, despois de parar na Estación Marítima o Berbés e no Auditorio, a través de un metro lixeiro.

Tamén propoñemos o aproveitamento da liña abandonada ate a Estación Intermodal de Urzaiz Vigo, recuperando a antiga estación de Chapela, con paradas na Riouxa, Buenos Aires e Coutadas, tal e como se refregada no citado artigo de Faro de Vigo, con isto teríamos unha comunicación directa, ecolóxica e rápida, co AVE e a nova estación de autobuses, ademais propoñemos que se faga un aparcamento público e gratuíto na estación de Chapela, que facilite e amplíe o uso da mesma.

Estas dúas liñas de cercanías terían que ser incluídas no transporte metropolitano de Vigo, cos mesmos prezos, combinacións e regularidade que se ofrece actualmente no transporte por estrada, con isto conseguiríamos un maior uso do transporte mas sostible, ecolóxico e rápido, evitando atascos e contaminación ambiental producidos polos motores de combustión e todo con un investimento mínimo (nos apeadeiros se poden instalar dispensadores de billetes automáticos),

Con estas liñas Chapela tería conexión por tren de cercanías, con Redondela, Pontevedra, Vigo, liñas do AVE e Longa distancia a Portugal, ademais de outras moitos pobos da Area Metropolitana de Vigo.

Por outra banda indicar que a AAVV de Chapela esta a favor de facer sendas verdes e carrís bicis, semellantes a da traída de augas, pero o que non queremos e que sexa a costa de boicotear o transporte de cercanía.

Polo que solicitamos:

1. Que o Concello de Redondela se comprometa a instar ao Ministerio de Fomento, Adif e Renfe a aceleración dos trámites oportunos para comezar canto antes coa construción dos apeadeiros en Chapela.
2. Que o Concello de Redondela, leve esta proposta as seguintes xuntanzas do Transporte Metropolitano de Vigo e da Area Metropolitana de Vigo.
3. Que o Concello de Redondela comunique a Xunta de Galicia, a parte de esta proposta que afecte a esa administración.
4. Que se manteña informada a cidadanía das xestións que o equipo de goberno leve



a cabo no tocante a este tema.”

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que en Chapela non para ningún tren a pesares de soportar as infraestructuras polo que apoia que se tomen medidas para mellorar a mobilidade dos veciños de Chapela. Refírese ao proxecto para a construción do apeadeiro que o PP non quixo por en marcha. Indica que a asociación de veciños de Chapela tivo un papel importante na impulsión da area metropolitana a partir dos problemas que ían prantexarse no transporte.

O concelleiro CRESPO ABAL di que van a apoiar a moción xa que lles parece mellor que andar a ampliar a autoestrada.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que tamén apoian a moción que trae un tema recorrente en relación ao ferrocarril. Indica que o PP de Redondela non ten interese neste tipo de transporte xa que no ano 2011, cando os socialistas deixaran adiantado o tema da construción do apeadeiro de Chapela, quedou sen tren. Consideran que é importante dentro da mobilidade da area metropolitana e debería prantexarse a súa inclusión na mesma. Salienta que o apeadeiro de Cesantes pasou de oito a dúas paradas e que Cangas incorporou á area o transporte da ría. Descoñece o proxecto do apeadeiro e pregúntase que vai pasar coas vías desmanteladas que ían a Urzaiz xa que están de acordo con facer unha vía verde.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que é certo que o anterior goberno deixou adiantado o do apeadeiro e tamén a ampliación da AP9. Sinala que o Alcalde liderou o transporte metropolitano e ao final se conseguiu o acordo xa que foi o concello de máis poboación que tirou do tema ata chegar un consenso. Indica que canto máis se facilite e máis barata sexa a mobilidade, mellor e que nestes intreos non é oportuno prantexar isto.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor de que se fagan dous apeadeiros un arriba e outro abaixo e que en todo este tempo non fixeron nada. Sinala que tamén afectaría ao apeadeiro de Cesantes .

O Alcalde indica que aínda que están de acordo hai que esperar a coñecer o plan de cercanías para a partir de aí decidir cal vai a ser a proposta axeitada. Propón suspender uns minutos o pleno para matizar o tema cos representantes da asociación de veciños cousa que fai.

Reanudada a sesión, o concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que ten que quedar claro que o apeadeiro débese facer onde xa hai liña e tren.

O concelleiro CRESPO ABAL di que a moción está ben clara.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o do apeadeiro de Chapela foi publicado no BOE o 24 de setembro de 2011 e sen embargo deixaron a Chapela sen tren. Considera unha boa opción converter a estación de Urzaiz en intermodal pero Fomento ten que decidir xa as súas opcións.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que o tema viña de atrás e o goberno municipal tivo que loitar por temas como a pasarela do Cubillón e outros moitos.



A concelleira QUINTANS COSTOYA di que trala consulta entre todos cos representantes da asociación de veciños a moción queda no punto 1 cun engadido no que se faga constar que a proposta de impulsar a construción dos apeadeiros faise en base á proposta formulada polo enxeñeiro Juan Alvarez Villar, publicada no diario Faro de Vigo do 28.02.2016.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as (20 votos a favor).

6.3.4. Moción de AER sobre Formación en especies invasoras.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal AER que se transcribe a continuación:

“Un dos principais motivos da perda de biodiversidade nos ecosistemas é a entrada nos mesmos de especies invasoras, tanto animais coma vexetais. Algún exemplo visible na nosa comunidade é a herba da Pampa (*Cortaderia selloana*), que continúa a se espallar sen control, ou a uña de gato (*Carpobrotus edulis*). No Concello de Redondela son salientables a mimosa (*Acacia dealbata*, recollida na flora invasora galega) e máis a acacia negra (*Acacia melanoxylon*).

Os ríos son efectivas canles de propagación de gametos e sementes. A súa vixilancia e control é imprescindible para conseguir manter uns ecosistemas saudables a longo prazo; pois a detección e detención da propagación mediante canles fluviais sería moi útil no control das especies invasoras.

Para poder detectar estes casos problemáticos e previr males maiores é imprescindible a colaboración de toda a cidadanía, que debe estar formada e sensibilizada con este tema.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

1. O Concello de Redondela organizará un curso gratuito de formación á cidadanía para a correcta identificación e eliminación de especies invasoras nos ecosistemas fluviais.
2. O Concello de Redondela porá en marcha unha rede de alertas mediante a cal a cidadanía poderá poñer en coñecemento do persoal competente en eliminación de especies invasoras, a detección dun novo caso/espallamento de especies problemáticas.
3. O Concello de Redondela elaborará un plan completo de eliminación de especies invasoras en ríos do Concello.”

INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que é unha cuestión bastante complicada que afecta tamén a especies animais e a todo o país. Considera que debería ser a Xunta quen o fixera.



O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que comparte a preocupación que se reflicte na moción e a dispersión das especies incontroladas nalgúns casos por riba das especies autóctonas. Considera que hai grandes intereses capitalistas involucrados.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que están a favor e que nos últimos anos levaron a cabo moitas actuacións neste sentido aínda que ás veces non se presentou nadie e iso que contaban coa axuda de biólogos que explicaban o carácter das distintas especies. Indica que houbo rapaces de fora nun plan de voluntariado do río, charlas de concienciación...etc. Sinala que este tipo de plans son costosísimos.

O concelleiro CRESPO ABAL di que a moción é do ano 2015 e que se non van a charlas é porque xa están concienciados e que as actuacións non foron específicas para o tratamento das especies invasoras.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que debería ser a Xunta a que promovera de xeito eficaz este tipo de accións.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que é preciso dissenar unha estratexia a todos os niveis sobre esta cuestión.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que o voceiro do BNG ten fixación pola Xunta e que a xente participa doutras actividades nas que se explican cousas de modo didáctico, senón é máis difícil que se impliquen.

O concelleiro CRESPO ABAL di que todo o que se faga neste sentido parécelles ben.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as (20 votos a favor).

6.4. Rogos e preguntas

Pregunta PSOE sobre a rampa na pasarela de Chapela:

“No pasado pleno do mes de abril, o PsdeG-PSOE de Redondela presentaba un rogo para que aproveitando as obras que estaba a realizar a UTE das obras da AP9 na pasarela que comunica a Subida o Mouriño oca parte traseira do Faro de Vigo, cruzando a AP9,, se dotase esta dunha rampa para persoas con mobilidade reducida. Pregunta: 1.¿Que xestións fixo o Concello para acadar esta mellora da pasarela?”

Resposta. O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que houbo unha xuntanza con Fomento na que pediron esa rampa porque inicialmente non estaba contemplada. Quedaron en darlles unha resposta nunha próxima xuntanza.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e trinta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-